



# **PROGRAMA DE AXUDAS AO ALUGAMENTO DE VIVENDAS PLAN ESTATAL 2018-2021**



**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**



## OBXECTO DAS AXUDAS AO ALUGAMENTO DE VIVENDAS DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras que rexerán a **concesión** (código de procedemento VI432A) das seguintes axudas ao alugamento de vivendas, de conformidade co *Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021*:

a) **Liña A, axuda ao alugamento de vivenda**: a súa finalidade é facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante a concesión de axudas directas ás persoas inquilinas.

b) **Liña B, axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente**: a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas **MENORES DE 35 ANOS** con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas.

A concesión das subvencións recollidas nesta Orde tramitarase polo **PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA**, de acordo co sinalado no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



## ASPECTOS A TER EN CONTA PARA REALIZAR A SOLICITUDE

- **TER CONTRATO DE ALUGAMENTO** no momento de presentar a solicitude, **tanto na liña A como na liña B.**

- **OPTAR POR UNHA DAS DÚAS LIÑAS DE AXUDAS.**

- No caso de que **SELECCIONE AS DÚAS LIÑAS** no formulario de solicitude, a axuda tramitarase pola **LIÑA A.**

- No caso de que **NON SE SELECCIONE NINGUNHA LIÑA, O GRUPO DE IDADE NA LIÑA A OU NON SE INDIQUE O IMPORTE DA RENDA DE ALUGUEIRO** a solicitude **NON SERÁ ADMITIDA A TRÁMITE.**

- **SÓ SE ADMITIRÁ UNHA ÚNICA SOLICITUDE POR CADA UNIDADE DE CONVIVENCIA.** No caso de presentar máis dunha solicitude, só se tramitará a primeira das presentadas, téndose por inadmitidas todas as demais.

- No caso de contratos de alugamento asinados por máis dunha persoa da unidade de convivencia, **só se poderá conceder unha única axuda polo dito contrato.**





# Por onde empezo para tramitar a miña solicitude?

## Comprobo que cumpro os requisitos

- **Ser titular dun contrato de alugamento de vivenda** cunha duración mínima dun ano e con mención expresa da referencia catastral.
- Ingresos da unidade de convivencia (UC) comprendidos entre 0,7 veces IPREM (5.263,71€) e **2 veces IPREM (15.039,18€)**, agás familias numerosas ou con membros con discapacidade.  
**Cómputo Ingresos UC:** no caso de ter realizado declaración do IRPF no ano 2019, casiñas Base Imponíble xeral e Base Imponíble do aforro, e as rendas exentas do artigo 7 da Lei do IRPF)
- Todas as persoas da UC deben constar empadroadas na vivenda na data de presentación da solicitude.
- Non ter débedas coa AEAT, ATRIGA e Seg. Social.
- Renda mensual da vivenda non pode superar os importes establecidos no artigo 10.
- A liña B está dirixida a persoas que **NON teñan cumpridos os 35 anos** na data de presentación da solicitude .





## REQUISITOS COMÚNS A AMBAS AS DÚAS LIÑAS

**Cal é o importe máximo da renda do contrato de alugamento subvencionado?**

- **Importe máximo da renda mensual da vivenda alugada (Artigo 10)**  
**(non son subvencionables outros gastos como os de Comunidade, polo que o importe subvencionado só se refire á renda da vivenda)**

Zona Territorial	Importe máximo da renda mensual de alugamento	Só no caso de familias numerosas ou necesidade dunha vivenda adaptada	Concellos
<b>Prezo máximo superior</b>	500€	600€	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.
<b>Zona territorial 1</b>	400€	480€	Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo.  Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba, e Viveiro.  Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia.  A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
<b>Zona territorial 2</b>	300€	360€	O resto de concellos de Galicia



## Cales son os ingresos mínimos e máximos da miña unidade de convivencia para poder obter a subvención?

Os ingresos mínimos da unidade de convivencia deben estar comprendidos no intervalo de 0,7 e 2 veces o IPREM (IPREM 2019 anual 14 pagas= 7.519,59€), agás familias numerosas ou unidades de convivencia con persoas con discapacidade, cuxo límite máximo será de 4 ou 5 veces o IPREM dependendo das circunstancias.

A) Requisito de ingresos da unidade de convivencia, agás casos especificados nas columnas B) e C)		B) FAMILIA NUMEROSA DE CATEGORÍA <u>XERAL</u> ou persoas con discapacidade (distinta da sinalada na columna C):		C) FAMILIA NUMEROSA DE CATEGORÍA <u>ESPECIAL</u> ou persoas con algún dos seguintes tipos de discapacidade?	
<b>Ingresos mínimos:</b> <b>0,7 veces <u>IPREM</u></b>	<b>Ingresos máximos:</b> <b>2 veces <u>IPREM</u></b>	<b>Ingresos mínimos:</b> <b>0,7 veces <u>IPREM</u></b>	<b>Ingresos máximos:</b> <b>4 veces <u>IPREM</u></b>	<b>Ingresos mínimos:</b> <b>0,7 veces <u>IPREM</u></b>	<b>Ingresos máximos:</b> <b>5 veces <u>IPREM</u></b>
<b>5.263,71€</b>	<b>15.039,18 €</b>	<b>5.263,71€</b>	<b>30.078,36 €</b>	<b>5.263,71€</b>	<b>37.597,95 €</b>

(2) Tipos de discapacidade para ter en conta como ingresos máximos da unidade de convivencia 5 veces IPREM:


- a) Parálise cerebral, enfermidade mental, discapacidade intelectual ou discapacidade do desenvolvemento, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%.
- b) Discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%



## OUTROS REQUISITOS DE IMPORTANCIA

- A vivenda ten que constituír a **residencia habitual e permanente** da persoa beneficiaria, o que se acreditará cun **xustificante de empadramento conxunto**, no que consten, na data da solicitude, as persoas que teñen o seu domicilio habitual na vivenda obxecto do contrato.
- A persoa solicitante e as demais persoas integrantes da unidade de convivencia **deben estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social** e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.





# COMO CUMPRIMENTO A SOLICITUDE E QUE DOCUMENTACIÓN É NECESARIA?







## Documentación INDISPENSABLE para realizar a solicitude. **Se non se presentan os documentos 1,2,3 e 4 a solicitude será INADMITIDA**

1. **Anexo I**, de solicitude.

2. **Anexo II**, no caso de que a unidade de convivencia estea integrada por máis dunha persoa.

No caso de que unha unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar, deberase cubrir un modelo de anexo II por cada unha delas.

3. **Contrato de alugamento da vivenda**, cunha duración mínima dun ano, con mención expresa da súa referencia **catastral**, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

4. **Xustificante de empadramento conxunto** de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia (emitido dentro dos 3 meses anteriores á data de presentación da solicitude). **As persoas integrantes desta unidade de convivencia deben constar empadroados na vivenda na data de presentación da solicitude**

5. **Documentación xustificativa dos ingresos percibidos pola unidade de convivencia, no caso de non presentar declaración do IRPF ou percibir algunha das rendas exentas previstas no artigo 7** da Lei 35/2006, do 28 de novembro, acompañado da seguinte documentación:

- Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.
- Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo INSS.
- Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.
- Certificado da percepción da Renda de Integración Social de Galicia.

6. **No caso das persoas separadas ou divorciadas**, convenio regulador de nulidade, separación ou divorcio, ou sentenza que acredite que a persoa solicitante non ten o uso da vivenda familiar, así como a documentación acreditativa de estar ao día no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias, de ser o caso.

7. No caso de ingresos obtidos no estranxeiro, **copia da declaración similar á do IRPF autenticada pola correspondente delegación consular e, de ser o caso, o certificado acreditativo de equivalencia en euros do importe declarado.**



Datos persoais da  
persoa solicitante  
**(ten que ser titular do  
contrato de alugamento)**

Datos de **notificación:**  
- Postal: cubrir os datos  
só se é diferente da  
xa indicada  
- **Electrónica: necesario  
cert. Dixital  
ou Chave 365)**

**Requirirase a documentación  
por medio dun anuncio no  
Diario Oficial de Galicia.**

**Ás persoas que indiquen o  
móbil e o correo electrónico  
enviaráselles un aviso cando  
se publiquen os  
requirimentos.**

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS AO ALUGAMENTO DE VIVENDA DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI432A</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME: [ ] PRIMEIRO APELIDO: [ ] SEGUNDO APELIDO: [ ] NIF: [ ]

TIPO: [ ] NOME DA VÍA: [ ] NUM: [ ] BLOQ: [ ] ANDAR: [ ] PORTA: [ ]

PARROQUIA: [ ] LUGAR: [ ]

CÓDIGO POSTAL: [ ] PROVINCIA: [ ] CONCELLO: [ ] LOCALIDADE: [ ]

TELÉFONO: [ ] **TELÉFONO MÓBIL: [ ]** **CORREO ELECTRÓNICO: [ ]** DATA DE NACEMENTO: [ ]

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL: [ ] PRIMEIRO APELIDO: [ ] SEGUNDO APELIDO: [ ] NIF: [ ]

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a:  Persoa solicitante  Persoa ou entidade representante

Enviaranse avisos da porta á disposición de notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL: [ ] **CORREO ELECTRÓNICO: [ ]**

**ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE**

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

**Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Só se poderá acceder á notificación cun certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

TIPO: [ ] NOME DA VÍA: [ ] NUM: [ ] BLOQ: [ ] ANDAR: [ ] PORTA: [ ]

# ANEXO I. SOLICITUDE

## ¿Qué liña de axuda solicito?

**Se non se selecciona ningunha liña e se non se marcan os campos obrigatorios para cada liña a solicitude INADMITIRASE**

**Non se poden solicitar as dúas liñas de axuda  
No caso de marcar as dúas liñas tramitarase pola liña A**

**LIÑA DE AXUDA SOLICITADA.** (De conformidade coas bases reguladoras estes campos específicos deben estar cumprimentados na presentación da solicitude. Non serán admitidas a trámite aquelas solicitudes que se presenten sen cumprimentar estes campos obrigatorios. Debe optar por unha das dúas liñas de axuda)

**LIÑA A. AXUDA AO ALUGAMENTO DE VIVENDA**

Idade: entre 18 e 64 anos  Idade: 65 anos ou máis

Importe da renda mensual do contrato de alugamento:

(sen incluír outros gastos como os de comunidade, impostos ou anexos como garaxe e/ou rocho de conformidade co previsto nas bases reguladoras)

**LIÑA B. AXUDA Á MOCIDADE PARA O ALUGAMENTO DE VIVENDA HABITUAL E PERMANENTE**

Importe da renda mensual do contrato de alugamento:

(sen incluír outros gastos como os de comunidade, impostos ou anexos como garaxe e/ou rocho de conformidade co previsto nas bases reguladoras)

-Necesario presentar contrato coa solicitude  
- Importe da axuda: 40% da renda mensual agás 65 ou + anos que será do 50%  
- Crédito a adxudicar: 2.000.000€

- Necesario presentar contrato coa solicitude  
- Non ter cumpridos 35 anos no momento de presentación da solicitude.  
- Importe da axuda: 50% da renda mensual de alugamento.  
- Crédito a adxudicar: 1.500.000€

## Declaración de axudas e sector preferente.

### A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

2. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña desta ou doutras administracións públicas ou de calquera outra entidade pública ou privada, a partir da data desta declaración.

3. Que a miña situación se inclúe nalgún dos seguintes sectores preferentes, de ser o caso:

- Familias numerosas
- Unidades familiares monoparentais con cargas familiares
- Persoas que foran obxecto dunha execución hipotecaria da súa vivenda habitual ou que a tiveran entregado en pago da débeda
- Unidades de convivencia nas que exista algunha vítima de violencia de xénero
- Unidades de convivencia nas que algunha persoa asuma a patria potestade, tutela ou acollemento familiar permanente dalgún menor orfo por violencia de xénero
- Unidades de convivencia afectadas por situacións catastróficas
- Unidades de convivencia que contén con algún membro con discapacidade
- Víctimas do terrorismo



## ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS

### A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. A composición e os ingresos da miña unidade de convivencia é a seguinte (serán denegadas aquelas solicitudes en que as persoas que figuran como integrantes da unidade de convivencia neste anexo e/ou no anexo II non consten no certificado de empadramento conxunto). Se a unidade de convivencia está integrada só pola persoa solicitante, non é necesario achegar o citado anexo II.

Nome e apelidos	NIF (3)	Menor de idade	Indíquese: persoa solicitante ou parentesco coa persoa solicitante	Procedencia e contía das rendas		
				Realícei declaración do IRPF no ano 2019 (1)	Tipo de ingreso (2)	Contía neta anual
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		
		<input type="checkbox"/>		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="checkbox"/> Decl. conxunta		

Esta declaración deberá acompañarse da seguinte documentación:

- **Documentación acreditativa dos ingresos percibidos** (certificado de retribucións e retencións da empresa, de ser o caso, certificado de prestacións periódicas no caso de non ser outorgadas polo INSS...)
- **Certificados das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario e inmobiliario** (por exemplo, neste apartado irían os intereses que se perciban de contas bancarias)

# ANEXO I. SOLICITUDE

Non esquecer marcar os recadros do apartado de comprobación de datos cando algunha destas circunstancias lle sexa de aplicación

## COMPROBACIÓN DE DATOS (continuación)

MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN

<input type="checkbox"/> Permiso de residencia legal de persoas estranxeiras	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de Monoparentalidade expedido pola D.X. de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Importes de prestación de desemprego	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Título de familia numerosa autonómico	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>




# ANEXO I. SOLICITUDE

**Non esquecerse de ASINAR a solicitude**

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de











## DURACIÓN E EFECTOS ECONÓMICOS DAS AXUDAS

Naqueles casos nos que se dispoña dun **contrato con efectos económicos anteriores a 1 de xaneiro de 2021**, a axuda terá efectos dende o **1 de xaneiro de 2021**.

Para os contratos asinados **entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data de presentación da solicitude**, a axuda terá efectos dende a **data en que comece os efectos económicos do contrato**.



# NON ESQUEZA:

**Prazo de presentación de solicitudes: dende o 31 de marzo ao 30 de abril de 2021**

- Para ser beneficiario/a da axuda **ten que ser TITULAR dun contrato de alugamento no momento de presentar a solicitude, tanto na liña A como na liña B.**
- **Seleccionar unha das dúas liñas de axuda** no Anexo I. De non facelo a solicitude quedará inadmitida.
- **Entregar a documentación MÍNIMA INDISPENSABLE.** De non facelo a solicitude quedará inadmitida.
- Revisar que o contrato teña a **referencia catastral** do inmovible alugado e cunha duración mínima dun ano.
- Revisar que **todos os anexos estean asinados polas persoas correspondentes.**
- Revisar os **datos de contacto e notificación, así como o teléfono móbil e correo electrónico** para poder recibir avisos informativos sobre a tramitación da convocatoria.
- Quedar cunha copia da solicitude se se presenta de xeito presencial nun rexistro.